

## Acta da xuntanza virtual do Xurado dos

### Premios aos mellores PFC de desenvolvemento en aplicativos libres para a localización (I10n)

#### Composición do Xurado

- **D. Oscar Diaz Fouces** é profesor titular do Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo. Dirixe o Grupo de Estudos das Tecnoloxías Libres da Tradución.
- **D. Iván Area Carracedo** é profesor titular do Departamento de Matemática Aplicada II. Foi vicerreitor de Relacións Institucionais da Universidade de Vigo. Foi coordinador do Proxecto Ronsel.
- **D. Felipe Gil Castiñeira** é profesor titular do Departamento de Enxeñaría Telemática na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Ata o ano 2010 foi coordinador do equipo de tradución ao Galego de Ubuntu
- **Roberto Vieito Raña**, designado pola Oficina de Coordinación FLOSS en delegación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación da Xunta de Galicia

Actúa como Secretario, sen voz nin voto, do mesmo

- **D. Miguel Anxo Bouzada**, na súa calidade de Vicepresidente da «Asociación Cultural para a Galeguización de Software Libre Proxecto Trasno»

#### Recepción de candidaturas

O día 4, ao peche do prazo de recepción de candidaturas, constatamos que só se presentou unha candidatura cos seguintes datos (resumidos):

##### Título do proxecto:

«Desenvolvemento de aplicativo para a discusión colaborativa de terminoloxía utilizando tecnoloxías Web 2.0 e a infraestrutura de desenvolvemento web Django»

##### Nome e apelidos do autor:

Leandro Regueiro Iglesias

##### Datos do director do proxecto:

David Cabrero Souto

[http://www.fic.udc.es/HarvestExternalData.do?operation=directory\\_teacher&id=50](http://www.fic.udc.es/HarvestExternalData.do?operation=directory_teacher&id=50)

Aloxamento do código do proxecto:

<http://gitorious.org/terminator>

Unha vez comprobado, por parte deste Secretario do Xurado, que a documentación recibida cumpre co esixido nas bases dos Premios, acordo aceptar a candidatura e darlle curso de envío aos membros do Xurado.

#### Envío de documentación e candidaturas aos membros do Xurado

O día 5 de novembro, este Secretario procede a enviar mediante correo electrónico a documentación aos membros do Xurado, facéndolles constar que fagan as súas avaliación en correos con copia aos outros membros, a fin de permitir un debate se for preciso.

## **Recepción das avaliacións**

Os distintos xurados foron enviando as súas avaliacións por correo electrónico, facendo o Secretario constar as súas avaliacións nesta acta.

Redactada a Acta inicial, esta foi remitida a todos os membros do Xurado para que deran a súa conformidade co seu contido.

## **Resultado da avaliación colectiva dos membros do Xurado**

O PFC presentado está baseado en SL, está localizado en lingua galega, promove patróns abertos e é útil para a comunidade, obxectivos propostos na convocatoria, porén o código fonte do proxecto non incorpora a licencia do mesmo, xa que a inclusión da licencia no formulario de *Gitorious* non vincula a licencia real do código fonte. Sería preciso incorporar a licencia do software nas cabeceiras de tódolos ficheiros do código fonte como se describe nas notas de [gnu.org](http://gnu.org)<sup>1</sup>, así mesmo é recomendable empregar unha licencia aceptada pola FSF para o relacionado coa documentación.

Consonte o anterior, concedéselle o premio por unanimidade ao único candidato presentado unha vez corrixidas as deficiencias detectadas no licenciamento do software.

Suxestións do Xurado a fin de mellorar o traballo

1. Recomendamos que sexan tratados con rigor todos os asuntos metodolóxicos, máis aló dos estritamente prácticos;
2. Recomendamos cuidar moito a redacción do traballo final.

No referente a presentación do premio, lamentamos que o escrito do director non estea escrito na única lingua propia da comunidade autónoma, segundo o que dispón o Estatuto de Autonomía, e lingua oficial da Universidade da Coruña, mais aínda dada a natureza do premio.

## **Declaración dos gañadores dos Premios**

Por unanimidade do Xurado, declarase gañador do primeiro «Premio ao mellor PFC de desenvolvemento en aplicativos libres para a localización (I10n)» dotado cunha contía de 600,00€, ao único proxecto presentado, correspondente a:

### **Título do proxecto:**

«Desenvolvemento de aplicativo para a discusión colaborativa de terminoloxía utilizando tecnoloxías Web 2.0 e a infraestrutura de desenvolvemento web Django»

### **Nome e apelidos do autor:**

Leandro Regueiro Iglesias

### **Datos do director do proxecto:**

David Cabrero Souto

Por non teren sido presentados máis proxectos declarase deserto o segundo premio dotado cunha contía de 400.00€.

Asinado, en Vigo a 10 de novembro de 2011

Miguel Anxo Bouzada  
Secretario do Xurado

[1] <http://www.gnu.org/licenses/gpl-howto.html>